

Medidas en **TODA GALICIA**
do **17/02/2021** ata **3/03/2021**

Galicia perimetrada

+

Non se pode entrar/saír de cada un dos concellos agás:

- Motivos sanitarios e coidado de persoas (menores, dependentes...)
- Obrigas laborais, institucionais e legais
- Asistencia educativa, realización de exames ou probas
- Retorno ao fogar
- Entidades financeiras, seguros ou estacións de servizo limítrofes
- Requirimentos de organismos públicos, xudiciais ou notariais
- Trámites inaprazables
- Coidado de hortas e animais
- Adquisición de bens esenciais no existentes no concello
- Tránsito ou forza maior

Confinamento entre as 22:00-6:00 (agás motivos laborais, coidado dependentes... etc)

Grupos SÓ CONVIVENTES agás:

- persoas soas poden incorporarse a outra unidade de convivencia
- menores cos seus proxenitores
- parellas con domicilios diferentes
- asistencia persoas dependentes
- actividades laborais, institucionais, administrativas, educativas...

✗ SUSPENDIDO

-Actividade e establecementos de espectáculos

(touros, circos, deportivos, feiras, pirotecnias, feiras..)

-Actividades e establecementos de recreo (xogo: casinos, bingos, apostas; culturais e sociais: salas de conferencias e polivalentes, salas de concertos; deportivas: estadios, pavillóns, recintos deportivos e feirais, pistas patinaxe, ximnasia, piscinas de competición, piscinas recreativas (si piscinas deportivas ao aire libre para práctica individual e adestramentos en pechadas con vestiarios e zonas de ducha ao 30% de capacidade); de lecer: parques atraccións, acuáticos, salóns recreativos, parques multilecer, salóns festas, discotecas, pubs, furanchos, lecer infantil; restauración: restaurantes, salóns, cafetarías, bares só para entrega a domicilio ata ás 24 horas...)

-Albergues

-Centros zoolóxicos, botánicos, interpretación, aulas da natureza, casetas, rede galega de espazos protexidos

-Centros sociais, sociocomunitarios, clubs xubilados, etc → ABERTOS centros de día e maiores, ocupacionais e casa do maior

✓ RESTRICIÓN:

-EnsinO universitario presencial → 1/03/2021

-22/02/2021 ensino presencial → Escolas oficiais idiomas, arte superior e deseño, conservación e restauración, arte dramático, conservatorios/escolas de música* e danza (públicas/privadas), centros deporte, artes plásticas, deseño

(*) continúan suspendido uso de instrumentos de ventou e/ou exercicio de canto

-Bibliotecas, arquivos, museos, salas de exposicións, monumentos e equipamentos culturais públicos/privados → 30% de capacidade, grupos máximo 4 persoas

-Cines, teatros, auditorios, congresos, outros eventos e espazos de actividades recreativas 30% da capacidade, público sentado (ou autorización), distancia mínima 1,5 metros, máximo 250 persoas espazos pechados/500 aire libre, ventilación 30 minutos ao comezo e final de xornada e tras cada actividade, rexistro de asistentes durante un mes

-Actividade deportiva: ao aire libre individual ou conviventes (**máscara obrigatoria**), adestramentos e competicións federadas de ámbito autonómico baixo protocolos da Xunta

- Establecementos comerciais e de servizos: aforo 50%, peche **ás 21:30 horas ****

Centros comerciais aforo 30%, peche **ás 21:30h** + peche todo día en sábados, domingos e festivos ** (**agás venda de alimentación bebida, tabaco, combustible, medicinas, argos ortopédicos, alimentación animal)

-Mercadillos 50%, os concellos establecerán o distanciamento entre postos

-Academias, autoescolas e centros privados ensino aforo 50%, priorizar ensino telemático

-Hotéis e aloxamentos (só para clientes desprazados por motivos xustificadas), zonas comúns 50%, piscinas e ximnasios pechados

-Velorios 5 persoas (agás conviventes) 15 no exterior, comitiva 15 persoas

-Lugares de culto 1/3 de capacidade garantindo a distancia de seguridade

-Casamentos e demais celebracións só conviventes

-Caza/pesca individual ou conviventes (caza do xabaril e lobo non suxeita a limitacións de mobilidade ou agrupacións)

-Parques infantís, biosaudables, zonas deportivas, pistas skate, espazos aire libre... 1 persoa/4 metros cadrados

-Reunións laborais, institucionais, académicos 30% capacidade, máximo de 30 persoas lugares pechados / 75 ao aire libre

-Servizos sanitarios un acompañante por usuario para menores, dependentes ou xestantes

-Transportes públicos totalidade dos asentos, 1/6 parte das prazas de pé, prohibido come/beber (traxectos menores 2 horas) e na medida do posible non conversar. Asentos en medios públicos deberán estar numerados, recoméndase anotar no billete o número de asento e gardalo 14 días.